

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, SACA, DÉPOSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA

Exposición de motivos

A presente ordenanza municipal pretende regular as actividades de corta e saca de madeira no ámbito do termo municipal de Ames, co fin de facer compatible estas actividades coa preservación das vías públicas, seguridade vial, bens municipais e medio natural do Concello.

Esta ordenanza ademais de protexer e velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas de titularidade municipal, tamén, pretende protexer as persoas, vivendas e outras edificacións nos supostos de incendios forestais; e, para o cal é imprescindible que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

Os veciños e veciñas do noso Concello teñen dereito a que os camiños e vías públicas se atopen en perfectas condicións, e para elo é necesaria unha intervención administrativa que regule as operacións de corta e saca de madeira e usos equiparables nos montes e parcelas de Ames, tanto públicos como privados; xa que, desgraciadamente, son moi frecuentes os danos e desperfectos que con estas actividades se ocasionan nos camiños e pistas municipais.

En definitiva, con esta ordenanza preténdese facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección da paisaxe, a conservación das vías públicas, a seguridade vial e o dereito das persoas a disfrutar de vías de comunicación en bo estado.

A regulamentación por medio da presente ordenanza das operacións forestais fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6, 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais.

Artigo 1. Obxecto da Ordenanza.

A presente Ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, fronte aos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das cortas e sacas de madeira ou outros usos, que poden ser susceptibles de danar as vías e camiños municipais, e, que se produzan dentro do termo municipal de Ames.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. A presente ordenanza é de aplicación ás operacións de saca e outras relacionadas co ámbito forestal. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).
2. Inclúense no ámbito da presente ordenanza outras operacións ou usos susceptibles de danar as vías e camiños municipais, valoradas polos servizos técnicos en base aos pertinentes informes policiais.

3. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico con vehículos agrícolas.
- As talas puntuais de exemplares de árbores illadas.
- As podas e refaldes en plantacións forestais.
- O clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.
- Os traballos de desbroce e limpeza de predios.
- A eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens.

Artigo 3. Comunicación previa e solicitudes de licencia

1. Establécese a obrigatoriedade da obtención de autorización municipal previa para a realización de cada operación de corta ou tala forestal e transporte de madeira.

A solicitude da mesma deberá ser realizada nas dependencias municipais por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, cunha antelación mínima de quince días hábiles.

A comunicación realizada ao Concello de Ames non eximirá da obriga de obter os restantes permisos e licenzas que resulten procedentes conforme á normativa sectorial.

2. Na comunicación de corta, deberá constar:

- NIF, nome completo e domicilio fiscal da persoa ou entidade, e domicilio a efectos de notificación de ser diferente.
- No caso de ser persoa xurídica: documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.
- Referencia e plano catastral das parcelas onde se van desenvolver os labores.
- Especie da madeira obxecto de tala, así como toneladas a extraer.
- Lugares, días e horarios no que se van desenvolver os traballos de corta, almacenaxe e transporte da carga, debendo ter en conta a tal efecto o sinalado no art. 28 da Lei 3/2007, de incendios de Galicia.
- Copia da autorización da autoridade forestal para a realización da corta ou, de non ser precisa, declaración responsable do cumprimento da normativa forestal vixente.
- Copia dos permisos de circulación do vehículo ou conxunto de vehículos cos que se van desenvolver os labores ou documento oficial no que conste a súa masa máxima autorizada.
- Xustificante de depósito de fianza nos termos recollidos na presente ordenanza.

BORRADOR ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, SACA, DÉPOSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA

3. De calquera xeito, poderase facer unha comunicación de tala para varios montes ou parcelas catastrais, cando os traballos vaian a efectuarse de forma simultánea, debendo constar os datos de cada unha das parcelas nas que se vaia a realizar a corta, e será o madeireiro encargado da mesma o responsable dos desperfectos ocasionados nos viais de acceso aos lugares dos traballos, como consecuencia tanto da mesma como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación dos mesmos, incluíndo a limpeza e retirada dos restos forestais resultantes. No suposto de non ser identificado o madeireiro, será responsable o propietario do monte ou da parcela catastral.
4. Previamente ao inicio dos traballos, o madeireiro deberá presentar no rexistro municipal a comunicación de tala, co obxecto de que os Servizo Técnicos municipais inspeccionen os viais e accesos aos montes que vaian ser utilizados, ou ben a Policía Municipal, constate neste suposto a realidade física da vía.
5. As vías públicas non se poderán utilizar para almacenamento da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga. No suposto de referirse a vías de titularidade da Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento ou da Deputación Provincial da Coruña, con carácter previo deberá obter autorización destes organismos. Non obstante, as cunetas quedarán sempre limpas e en bo estado de utilización.
6. Unha vez presentada a solicitude e a documentación completa, os servizos técnicos urbanísticos municipais ou ben os funcionarios da Policía Local comprobarán, en compañía dos solicitantes, o estado físico dos camiños e vías que vaian ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física. Unha vez realizada a inspección e á vista do informe pertinente o Concello comunicará, ao promotor o prazo para realizar os traballos.
7. O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.
8. No caso de que nas operacións de depósito, carga e transporte interveñan vehículos de empresas distintas á que se encarga da tala, estarán obrigados a subrogalos na súa fianza, ou ben a que a deposite a propia empresa de transporte. En caso contrario, a persoa ou empresa encargada da corta, será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais ou a terceiros que circulen por elas como consecuencia das operacións de depósito, carga e transporte da madeira da tala.
9. A concesión da licenza poderá estar suxeita ás restricións temporais ou condicións técnicas motivadas que decida o Concello.
10. A falta de resolución expresa por parte do Concello no prazo dun mes suporá que se entenda denegada a autorización.

Artigo 4. Requisitos e obrigas.

1. Son obrigas do madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira as seguintes:
 - Presentar nas oficinas municipais o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior.

BORRADOR ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, SACA, DÉPOSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA

- Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.
 - Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Esta obriga deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
 - Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.
 - Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
 - Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares da tala, viais de acceso, instalacións e demais infraestructuras, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.
 - Constituír a garantía a prol do Concello, conforme ao establecido nesta ordenanza.
 - Os depósitos de rolla, ramas ou podalla non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, sumidoiros, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestructura auxiliar ou anexa ao viario, nin supoñer risco para os usuarios da vía.
 - Deberán adoptarse as medidas oportunas para que as vías municipais, polas que se fai o transporte da madeira, estean en todo momento libres de ramas, podalla, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía.
2. Non poderán levar a cabo as actividades reguladas na presente ordenanza, no ámbito do territorio do Concello da Ames, as persoas físicas ou xurídicas que manteñan débedas derivadas de expedientes abertos en cumprimento dos preceptos da presente ordenanza ata a conclusión do expediente ou a liquidación dos importes pendentes.
3. En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas contidas na presente ordenanza, o Concello requirirao para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo máximo de quince días hábiles. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate.
4. O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza.
5. En ningún caso poderá iniciarse os traballos de corta, sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, cando ás parcelas obxecto da actuación, estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.
6. As vías públicas non se poderán utilizar para almacenamento da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga, solicitando de ser o caso, o permiso municipal correspondente de ocupación de vía pública municipal, quedando suxeita no caso de existir as taxas correspondentes. No suposto de referirse á vías de titularidade

BORRADOR ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, SACA, DÉPOSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA

da Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento ou da Deputación Provincial da Coruña, con carácter previo deberá obter autorización destes organismos. Non obstante, as cunetas quedarán sempre limpas e en bo estado de utilización.

Artigo 5. Garantías.

1. Os solicitantes de cada autorización de corte e saca de madeira deberán presentar coa solicitude o xustificante de presentación dunha fianza a favor do Concello de Ames, por calquera dos procedementos establecidos pola legislación vixente, co fin de responder do amaño dos danos que puideran producir nas vías ou a súa limpeza.

Establécense dúas contías atendendo ao peso máximo autorizado do maior dos vehículos ou conxunto de vehículos empregados:

- a) Vehículos con peso máximo autorizado inferior ás 16 Tm, mil cincocentos € (1.500,00 €)
 - b) Vehículos con peso máximo autorizado superior ás 16 Tm, tres mil €. (3.000,00 €)
2. A fianza será reintegrada e/ou cancelada previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, unha vez finalizada a corta forestal, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que, de non obter dito informe favorable, se produza a incautación definitiva da mesma, e a aplicación do réxime sancionador e demais consecuencias legais esixibles. A dita fianza poderá ser substituída pola presentación de póliza de seguro de responsabilidade civil do empresario ou empresa que realice os actos regulamentados, acreditando a vixencia e cobertura da mesma para os traballos a realizar durante todo o período que duren as operacións que inclúa os danos a terceiros derivados da actividade da empresa ou empresario.
 3. Para o caso de que a empresa ou empresario subcontrate os traballos ou parte de eles a outra empresa, deberá presentarse tamén, póliza de seguro de responsabilidade civil do empresario ou empresa subcontratada que realice os actos regulamentados, acreditando a vixencia e cobertura da mesma para os traballos a realizar durante todo o período que duren as operacións que inclúa os danos a terceiros derivados da actividade da empresa ou empresario.
 4. En caso de incumprimento, por ocasionarse desperfectos nas vías, servizos e infraestructuras públicas municipais, o Concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 3.º e 4.º do artigo 4 desta ordenanza. Transcorrido ese prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, o Concello acordará a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada. Neste suposto, deberá depositar unha nova garantía para responder por futuras actuacións/operacións.
 5. Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público. Todo elo sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.

Artigo 6. Infraccións e procedemento sancionador

As infraccións administrativas desta ordenanza tipifícanse en leves, graves e moi graves:

1. Constitúen infraccións leves:

- a) Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a tala da madeira.

- b) A non comunicación da corta por parte do madeireiro no prazo sinalado.
- c) O incumprimento polo propietario do monte ou parcela da obriga de identificar ao madeireiro.
- d) A realización das actividades reguladas na presente ordenanza, no ámbito do territorio do Concello de Ames, polas persoas físicas ou xurídicas que manteñan débedas derivadas de expedientes abertos por incumprimento dos preceptos da presente ordenanza.
- e) No caso de que nas operacións de depósito, carga e transporte interveñan vehículos de empresas distintas á que se encarga da tala, o incumprimento desta da obriga de subrogalos na súa fianza, ou non constituír unha fianza distinta a propia empresa de transporte.
- f) Calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

2. Constitúen infraccións graves:

- a) Actuacións que supoñan o deterioro das vías e camiños municipais.
- b) Non proceder á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.
- c) A realización de ditas actividades sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
- d) Non achegar ou falsear os datos que se esixen segundo o artigo 3 desta ordenanza.
- e) A realización dos traballos de corta sendo denegada previamente a utilización da vía pública para a realización dos mesmos.
- f) Obstruír a acción inspectora ou investigadora da Policía Local ou técnicos municipais.
- g) O depósito de madeira nas vías públicas e o vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares non autorizados expresamente para elo.
- h) A reincidencia na comisión de dúas infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- a) Actuacións de deterioro grave e relevante das vías e camiños municipais que non permitan a circulación de vehículos.
- b) Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra.
- c) Usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira de forma que supoñan

un risco para os usuarios da vía.

d) A non adopción das medidas oportunas para que as vías municipais, polas que se fai o transporte da madeira, estean en todo momento libres de ramas, podalla, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía.

e) Os depósitos de rolla, ramas ou podalla que invadan a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, menoscaben a funcionalidade das cunetas, bueiro, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ao viario, ou supoñan risco para os usuarios da vía.

f) A reincidencia na comisión de dúas infraccións graves da mesma natureza, no prazo dun ano.

4. Sen prexuízo da sanción administrativa que se impuxera, quen infrinxa a presente ordenanza terá a obriga de repoñer e restaurar as cousas ao ser e estado anteriores (reparación e limpeza) a infracción cometida e dos danos e prexuízos causados, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a su execución.
5. A prescrición de infraccións e sancións non afectará á obriga de repoñer ou restaurar as cousas a su ser e estado primitivo, nin a de indemnizar polos danos e prexuízos causados.

Artigo 7. Responsables.

1. Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de madeireiros.
2. Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeireiros, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

Artigo 8. Sancións.

1. As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:
 - a) Infracción leve: multa de ata 750 €.
 - b) Infracción grave: multa de contía comprendida entre 751 a 1.500 €.
 - c) Infracción moi grave: multa de contía comprendida entre 1501 a 3.000 €.
2. A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá aos responsables dos feitos de repoñer a realidade física alterada, e de realizar os traballos de reparación e limpeza que a tal fin sexan sinalados na resolución que se dite.
3. O procedemento sancionador será o establecido no R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, en desenvolvemento da Lei 30/1992, e cos criterios expostos no título XI da Lei 7/1985, modificada pola Lei 57/2003, de modernización do goberno local.